

CRITERIOS DE CORRECCIÓN, VALORACIÓN E SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN, PARA O INGRESO POLA QUENDA DE ACCESO LIBRE NO CORPO AUXILIAR DA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, SUBGRUPO C2, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 19 DE NOVIEMBRE DE 2025 (DOG NÚM. 228, DO 25 DE NOVIEMBRE)

Na sesión celebrada o día 12 de setembro de 2026 o tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo, mediante o sistema de oposición, para o ingreso pola quenda de acceso libre, no corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Resolución do 19 de novembro de 2025 (DOG núm. 228, do 25 de novembro) acordou, de conformidade co disposto na base II.1.2.10 da convocatoria, establecer os criterios de corrección, valoración e superación do primeiro exercicio do proceso selectivo.

CUESTIÓNS XERAIS ESTABLECIDAS NA CONVOCATORIA

O primeiro exercicio consistirá, segundo a base II.1.1.1 da convocatoria, en contestar por escrito un cuestionario de contido teórico de cen (100) preguntas tipo test, relacionado coa parte xeral do programa contido no anexo I, propostas polo tribunal.

Este exercicio disporá de seis (6) preguntas de reserva.

As preguntas terán catro (4) respostas alternativas propostas polo tribunal, das cales só unha será a correcta.

O tempo máximo de duración deste exercicio será de cento vinte (120) minutos, salvo as adaptacións concedidas.

As persoas aspirantes non poderán facer uso de manuais ou textos legais ou de consulta para a realización desta proba.

DETERMINACIÓN DE SUPERACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO E NÚMERO DE PERSOAS APROBADAS

As regras de puntuación serán as seguintes:

- a) Cada resposta correcta equivale a unha unidade de puntuación.
- b) Cada resposta incorrecta descontará un cuarto dunha pregunta correcta.
- c) As preguntas non contestadas non penalizan nin reciben puntuación.
- d) As preguntas adicionais de reserva serán valoradas só no caso de que se anule algunha das preguntas do exercicio.

Superarán este exercicio as 415 persoas aspirantes que teñan as mellores puntuacións resultado de multiplicar por cinco (5) o número de prazas convocadas (83), sempre que acaden o mínimo do 40 % das respostas correctas, unha vez feitos os descontos correspondentes.



Todas as persoas aspirantes con idéntica puntuación a aquela que marque a nota de corte establecida de acordo cos criterios anteriores, considéranse igualmente aprobadas.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos e para superalo será necesario obter un mínimo de vinte e cinco (25) puntos. Asignarase a valoración de 25 puntos no exercicio ás persoas aspirantes que obteñan unha nota equivalente á nota de corte fixada segundo os criterios anteriores. O resto das persoas declaradas aptas terá unha cualificación distribuída entre os 25 e os 50 puntos, proporcional ao número de respostas correctas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

A presidenta do tribunal

Mónica María Castro Pérez

Asinado por: CASTRO PEREZ MONICA MARIA
Cargo: A presidenta do tribunal,
Data e hora: 13/09/2026 09:18:47

DIRECTORA XERAL DE EMPREGO PÚBLICO E ADMINISTRACIÓN DE PERSOAL
Subdirección Xeral de Provisión de Postos e Selección de Persoal

As copias en papel deste documento teñen condición de
copia e serán verificables a través deste código:
CVE: WEJWUe9s4V7 <https://sede.xunta.gal/cve>

